



# PLAN DE CONTINXENCIA

21  
22

CEIP.VIRXE DO ROCÍO



CEIP O RESÍO

RUA ROCIO 70  
36208 VIGO

[CEIP..VIRXE.ROCIO@EDU.XUNTA.GAL](mailto:CEIP..VIRXE.ROCIO@EDU.XUNTA.GAL)

[HTTP://WWW.EDU.XUNTA.GAL/CENTROS/CEIPVIRXEROCIO/](http://WWW.EDU.XUNTA.GAL/CENTROS/CEIPVIRXEROCIO/)

TELF. 886120860/886120862



O Plan de Continxencia da nosa escola, ao abeiro do Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022, ten por finalidade establecer os procesos establecidos para a actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula ou etapa educativa e determinar o modelo de educación semipresencial ou a distancia no tempo da suspensión lectiva.

Este Plan de Continxencia Sanitaria e Educativa complementase co noso **Plan de Adaptación** ao COVID19 que regula a organización e as actuacións para a mellor adaptación ao inicio do curso 2021/2022.

## **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO**

- O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos responsables de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo.
  - Pediráselle a sinatura dun documento de declaración responsable.
  - Tomarase a temperatura corporal a todo o alumnado e ao persoal de forma previa ao comezo da xornada, xustamente na entrada, logo de pasar polo punto de desinfección, evitando aglomeracións e asegurando o mantemento da distancia interpersoal de polo menos 1,5 metros.
1. **Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid no persoal non docente e profesorado**, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo Covid. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde, ou de selo caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.
  2. **No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado** non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo

Covid á maior brevidade posible. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos representantes legais.

3. Diante dun suposto no que **algún membro da comunidade educativa**, do que se sospeita que comeza a desenvolver **síntomas compatibles coa COVID-19; no centro educativo** seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación:
  - Levarase a un espazo separado de uso individual,
  - Colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e
  - contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado, e o responsable deberá presentarse no centro á maior brevidade. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
  - Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra quen valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. **Os con viventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid-19**, que se atope á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado. Ademais , os con viventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID19 nos últimos seis meses, deberán seguir as indicacións do Protocolo de vixilancia de control epidemiolóxico e **absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso e sexa negativo.**  
**A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.**
5. O alumnado ou persoal do centro que convivan coa persoa positiva serán considerados contactos estreitos, excepto que a Central de seguimento de contactos lles indique o contrario. Tendo en conta isto as persoas con viventes do positivo que estean **vacinadas coa pauta completa ou aquelas que foran diagnosticados da COVID19 nos últimos seis meses, poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo**, extremando sempre as medidas de prevención. Pola contra, os con viventes que non

dispoñan dunha pauta de vacinación completa, e tampouco foran diagnosticados da COVID19 nos últimos seis meses deberán absterse de asistir a centro educativo e esperar as indicacións do CSC en corentena.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus o centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 dispón da canle informática EDUCOVID para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que a CSC alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

Polo tanto, **o equipo Covid porase en contacto coa CSC a través do número de teléfono dispoñible en Educovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico. O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso.**

Será a dirección quen informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de Covid19.

**O equipo Covid TEN A OBRIGA DE SEGREDO PROFESIONAL SOBRE OS DATOS SOBRE OS QUE TEÑA COÑECEMENTO.**

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

O centro estará en permanente contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade cumprindo os protocolos solicitados.

A aplicación informática (**EDUCOVID**) será a canle para levar a xestión e control dos casos detectados.

**A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.**

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

## **NORMAS PREVISTAS PARA O ENSINO A DISTANCIA**

**O ensino non presencial** será impartido polo profesorado ordinario do alumnado **preferentemente a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería.

Igualmente o mestre poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Para que isto sexa posible, o equipo docente de ciclo e nivel, determinará a secuencia de aprendizaxes do alumnado necesarios para seguir con éxito a educación a distancia.

Os bloques curriculares da competencia serán os seguintes:

- ✓ Competencia no manexo básico das ferramentas informáticas.
- ✓ Competencia na xestión da edición básica de textos , imaxes e vídeos
- ✓ Competencia na xestión da navegación na rede na busca de información
- ✓ Competencia no manexo da aula virtual do centro e das ferramentas de envío de información e traballo.

Na Educación Infantil, no primeiro e segundo cursos de Educación Primaria no que non se usen autonomamente aulas virtuais, ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica.

**O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** o falla de equipamento para que a

consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Farase a través dunha enquisa ás familias e se contrastará cos datos facilitados polo alumnado, para avaliar as necesidades reais co obxecto de deseñar a estratexia de solicitudes ante a Administración educativa debido á carencia de medios telemáticos das familias.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- ✓ Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- ✓ Posta a disposición do alumnado aqueles materiais educativos que se consideran precisos para o seguimento da formación de xeito non presencial. A principio de curso está prevista a realización dunha enquisa que forneza información acerca da dotación dixital das familias.
- ✓ Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Estableceranse as medidas oportunas para que o alumnado NEAE poida seguir satisfactoriamente as aprendizaxes establecidas e, do mesmo xeito, procurárase información do seu estado emocional.
- ✓ Estableceranse canles de comunicación que faciliten o seguimento da evolución do alumnado en canto ao estado tanto de saúde, anímico e emocional como no referente á evolución das aprendizaxes.
- ✓ No caso de suspensión prolongada, establecemento dunhas aprendizaxes mínimas.
- ✓ Realizar tarefas de desinfección no centro.
- ✓ Revisar o protocolo para implementar as actuacións precisas, extremar as medidas máis eficaces e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- ✓ Realizárase un seguimento do Plan de Educación a Distancia que fixará a súa atención avaliativa nos seguintes criterios:
  - Adecuación do Plan aos distintos niveis educativos.

- Valoración do modelo didáctico das programacións didácticas semanais.
  - Participación de alumnado e familias nas actividades propostas.
  - Dificultades de medios e conectividade das familias.
- ✓ Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases de reactivación do ensino presencial.

Tanto no ensino semipresencial como no ensino a distancia manteremos a relación coas familias a través das seguintes canles:

- ✓ Comunicación telefónica habitual.
- ✓ Comunicación titorial a través da Plataforma Cisco Webex.
- ✓ Comunicación pola Plataforma Abalar Móbil.
- ✓ Comunicación a través da Aula Virtual e espazo Web do centro.

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES ELABORADAS PARA QUE O ALUMNADO CONTINÚE CO SEU PROCESO EDUCATIVO NOS SEUS DOMICILIOS.

- **Competencia lingüística:** nos distintos niveis educativos e nas distintas linguas seguiremos a base da nosa programación didáctica, priorizando que os ámbitos a traballar mediante diversas actividades, tarefas e propostas serán as seguintes:
  - ✓ Actividades de comprensión lectora: contos en formato PDF de distinta dificultade no vocabulario, textos en distintos formatos textuais (novas, diálogos, textos científicos)
  - ✓ Actividades de expresión escrita (manuscrita ou dixital) con propostas creativas sobre temas actuais ou sobre temas curriculares, xogos lingüísticos, etc
  - ✓ Actividades de comprensión oral: audición de contos, vídeos, etcétera.
  - ✓ Actividades de expresión oral: a través de vídeos gravados e clases virtuais online.
- **Competencia matemática:** As actividades estarán enfocadas a manter hábitos de cálculo mental por unha banda e de resolución de problemas lóxicas, por outra. Haberá unha combinación de propostas de editoriais, tarefas preparadas polos equipos docentes e de contidos educativos multimedia. Atenderán aos distintos bloques de contidos do decreto de primaria (números, etc...)



- Propostas de tarefas con numeración, operacións lóxicas básicas, números e medidas, etc
- Propostas de problemas variados con desafíos de tipo indutivo e dedutivo.
- **Competencia en ciencias e tecnoloxía:** Seguiremos avanzando na programación didáctica de cada nivel e presentando ao alumnado tarefas e actividades con soporte gráfico para ler, completar, analizar a información de cada unidade didáctica. Así mesmo, se invitará a realizar pequenos traballos de investigación sobre distintos temas con soporte dixital ou fotográfico: coronavirus, medioambiente, poboación, riscos da saúde, etcétera
- **Competencia en conciencia e expresión cultural:** Aproveitando este momento proporemos tarefas para a familia relacionadas coas situación actual e posibles solucións de cara o futuro:
  - ✓ Gravacións de vídeo e audio.
  - ✓ Cartas a... (autoridades).
  - ✓ Cancións.
  - ✓ Propostas para cambiar o mundo, o cole....

## MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

Previo ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- ✓ Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- ✓ Desinfección de todos os espazos
- ✓ Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.
- ✓ Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.

- ✓ Valorar a posibilidade de combinar o ensino presencial e a distancia.
- ✓ Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- ✓ Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas.

## **HORARIOS ESPELLO**